

Bloque

Barro

MONOGRÁFICO POLÍGONO INDUSTRIAL



Barro precisa polígonos industriais tramitados de forma correcta e con todas as garantías legais

É necesaria a existencia dentro do noso Concello de polígonos industriais onde se poidan asentar empresas que creen postos de traballo e xeren riqueza.

O BNG leva moitos anos reclamando a existencia deses polígonos e por iso apoiou a tramitación dos que figuran no planeamento urbanístico.

Eses polígonos industriais deben ter as garantías legais de que son executados de forma correcta, pois de non ser así pode dar lugar a graves trastornos para as empresas que alí se asenten, e moi graves perxuizos para o Concello.

Perante a situación na que nos atopamos co polígono de Sequeiros, anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dende maio do 2010, e a máis recente anulación polo mesmo tribunal do polígono de Outeda-Curro, é preciso tomar as medidas necesarias para contar con solo industrial que reuna todos os requisitos.

O BNG vai colaborar na busca de solucións que palién as consecuencias destas sentencias.

Se o 22 de maio os veciños e veciñas de Barro nos dan a súa confianza para gobernar o Concello, a primeira medida que tomaremos será convocar a todos os grupos políticos e colectivos sociais para acadarmos un acordo social na busca dunha solución definitiva a todos os problemas legais dos diferentes solos industriais.

En canto teñamos solventados os problemas legais do solo industrial elaboraremos **un plano de incentivos económicos para atraer empresas ao noso polígono, que creen postos de traballo de calidade e prioricen a contratación de veciños e veciñas de Barro**. Neste momento consideramos máis importante para o concello e a creación de emprego que a posíbel recadación de impostos polo asentamento de empresas.

Xa son dous os polígonos anulados pola Xustiza: Sequeiros e Outeda

Hai case un ano os tribunais de xustiza anularon o polígono de Sequeiros e agora veñen de anular a tramitación do de Outeda-Curro.

O BNG apoiou a tramitación inicial do polígono de Outeda, solicitando que se limitase ao uso de industria non molesta nin contaminante.

Posteriormente a Xunta emitiu un informe no que lle solicitaba ao Concello de Barro a solución á falta de saneamento e abastecemento de auga potábel.

Como o goberno municipal do PP non fixo caso do informe, o BNG abstívose na aprobación definitiva do polígono, para non ser cómplice desa tramitación incorrecta. Agora todas e todos pagamos as consecuencias desa decisión errada do PP.

O goberno do Concello de Barro no canto de recoñecer o erro e asumir a súa responsabilidade o que fai é botarlle a culpa a outros, cando a responsabilidade é do que fai mal as cousas, neste caso, do goberno

municipal do PP que, debido á súa incorrecta tramitación, a pesar de ser advertido de xeito reiterado da necesidade de corrixir os proxectos, levou o caso dos polígonos á situación actual.

O PP de Barro no canto de buscar conspiracións contra eles debería asumir as súas responsabilidades e informarlles aos veciños e veciñas de Barro por que seguiron adiante coa tramitación do polígono sen resolver a falta de abastecemento de auga e de saneamento.

Despois de 28 anos xa son moitos os casos de tramitacións incorrectas, que acarrearón graves consecuencias para o correcto desenvolvemento do noso Concello.

Barro precisa un goberno serio e eficaz que resolva as necesidades do concello de forma correcta, e non acuse aos demais da súa incompetencia, como fai o goberno do PP